

1 | INTRODUCCIÓN

Este **Proxecto Documental Integrado desenvolvido polo alumnado de 6º curso de primaria do CEIP A LAMA**, é un traballo de carácter **interdisciplinar** que pretendeu abordar diversos aspectos curriculares dende a materia de Educación Musical e a Hora de Libre Configuración de Centro, que este curso dedicamos ao reforzo nas áreas de Lingua Galega e Española.

O **coordinador do proxecto** foi o mestre encargado destas dúas horas semanais de docencia, **Rafael Sánchez-Agustino Rodríguez**, que contou co **apoio da titora do grupo María Teresa Couto Paz**.

A Biblioteca Escolar do centro propón, cada ano, o desenvolvemento dun PDI nos distintos niveis educativos, baixo a temática escollida por Proxecto Voz Natura, no que tamén participamos dende 1997. Nas reunións organizativas de comezo de cada curso concrétese nos equipos docentes o subtema que emana do tema ou lema principal.

Establécense, como calendario de desenvolvemento, **tres fases**: unha de **motivación** (mes de outubro), unha de **procura e tratamento da información** (meses de novembro a abril) e unha fase de **exposición do aprendido** (mes de maio).

Un dos obxectivos que nos propuxemos foi o de **incluír no noso proxecto tódolos recursos e programas que a Biblioteca Escolar do noso centro aporta**; ademais de participar no PLAMBE, tamén o facemos en Radio da Biblio, ELBE-2 e Biblioteca Creativa.

A nivel curricular o deseño deste PDI procura a adquisición de tódalas competencias, destacando as máis directamente relacionadas coa **Alfabetización Mediática e Informacional: Competencial Dixital, Aprender a Aprender e Competencia en Comunicación Lingüística**, pero sen desdeñar as **competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** (elaboramos un panel interactivo), **conciencia e expresións culturais** (investigamos sobre o noso patrimonio), **competencias sociais e cívicas** (concienciamos da importancia de preservar o legado recibido) e o **sentido da iniciativa e espírito emprendedor** (creamos 4 equipos que escribiron os guións de cada unha das creacións realizadas, entre outras tarefas).

En referencia aos **contidos curriculares**, este proxecto interdisciplinar tratou contidos e estándares de avaliación presentes na programación para **6º curso de primaria** das disciplinas de **Lingua Galega e Lengua Española** (Bloque 1: Comunicación oral. Falar e escoitar | Bloque 2: Ler | Bloque 3: Escribir | Bloque 4: Coñecemento da Lingua), **Ciencias Sociais** (Bloque 4: As pegadas do tempo), **Ciencias Naturais** (Bloque 5: A tecnoloxía, obxectos e máquinas), **Educación Artística** (Plástica: Bloque 1: Educación audiovisual | Bloque 2: Expresión Artística / Música: Bloque 1: A escoita).

Aínda que sabemos que as demais disciplinas tiveron pegada no traballo, non as consideramos coa mesma transcendencia que as antes mencionadas. A pesar disto tamén poderíamos atopar elementos curriculares de: Valores Sociais e Cívicos, Relixión Católica, Matemáticas e Educación Física.

2| OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTA

A temática escollida para este PDI, **Os instrumentos do Pórtico da Gloria**, ten unha múltiple xustificación:

- **Proxecto Voz Natura** propón como lema para este curso 2020/2021, “**Protexer a nosa contorna é o bo camiño**”. Participamos neste programa da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre dende 1997.
- Estamos no **bienio Xacobeo 2021-2022** e a temática do Camiño de Santiago é de total actualidade.
- O **Pórtico da Gloria**, e a propia **Catedral de Santiago**, veñen de ser **restaurados** logo de moitos anos de estudo e intervención.



- Temos un interese moi grande en **integrar todos os programas do centro**, establecendo **relacións interdisciplinares e transversais** dentro das actividades de aprendizaxe programadas.



- Procuramos novos vieiros que nos leven á **innovación educativa** a tódolos niveis.

- Pretendemos que a escola evolucione nos conceptos STEM, STEAM e **STREAM**, este último que engloba todas as aprendizaxes e que pode atopar na Biblioteca todos os recursos que precisa: **Science, Technology, Reading, Engineering, Arts and Maths**. (Ciencia, Tecnoloxía, Lectura, Enxeñería, Artes e Matemáticas). É dicir, non investigamos só sobre a temática, senón tamén sobre como elaborar o que imaxinamos e adestrar as habilidades precisas para obter os produtos finais.

3| BREVE DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA

A proposta que presentamos ao alumnado de 6º de primaria deseñouse no verán de 2020 e no mes de setembro asumindo a previsión realizada polo equipo de Biblioteca nas Liñas Prioritarias para o curso, no ámbito ALFIN-AMI.

Parecíanos que **“Os Instrumentos do Pórtico da Gloria” do Mestre Mateo** era unha concreción da temática principal, O Camiño de Santiago, que aglutinaría moitos aspectos que nos levarían aos obxectivos, competencias e contidos do currículo.



Outra das ideas que sempre manexamos para o deseño dos PDIs é a **interdisciplinariade** e outra vez todo indicaba que o tema escollido o ía permitir.

Propúxoselle ao grupo a formación de **4 equipos** que procurarían información e elaborarían materiais para **4 producións distintas e relacionadas directamente entre si**: un **programa de radio**, un **vídeo**, un **mural informativo-interactivo** e un **conxunto de locucións informativas**.

Ao panel informativo-interactivo pasamos a chamalo **mural 3.0**, por tratarse dunha **evolución “STREAM”** do mural de “toda a vida”, incluíndo como novidade **elementos tecnolóxicos, audiovisuais, dixitais, electrónicos, programables e aumentables** sobre un **soporte ecolóxico** de cartón reciclado, **respectuoso co medio ambiente**, e que promove de xeito transversal moitos dos obxectivos da Axenda 2030: educación de calidade, igualdade de xénero, enerxía asumible e non contaminante, industria, innovación e infraestrutura, acción polo clima...

4| DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO

A documentación que foi elaborada **integrouse nos distintos traballos que teñen suficiente entidade propia e que ao mesmo tempo conxugamos coma un todo** nun vídeo resumo que inclúe unha primeira parte informativa e unha segunda parte que recolle o proceso creativo do mural interactivo a modo de “making of”.



Os **formatos empregados** para a elaboración da documentación produto da investigación foron: **gráficos, plásticos, audiovisuais, audíbles e textuais**.

Así mesmo elaboramos uns guións textuais de toda a información que queríamos transmitir, ben nos vídeos, ben no programa de radio, ben nas cartelas informativas do mural 3.0.

Outra particularidade do mural pode ser que conxugamos nel elementos analóxicos e dixitais, coa pretensión de avanzar cara a modernización sen esquecer os recursos tradicionais que seguen sendo imprescindibles na construción do saber e o desenvolvemento dos máis pequenos.

5| RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS AO LONGO DO PROXECTO POLO ALUMNADO


Enumeramos a continuación, cunha breve explicación, as tarefas máis importantes que se realizaron; pero que coa visualización do vídeo final, que enlazaremos en posteriores apartados desta memoria, cobrarán moito máis sentido.

- **Presentación do tema e debate co alumnado** sobre a temática para chegar aos seus coñecementos previos.
- **Procura da información:** empregando distintas fontes fomos elaborando uns apuntamentos con datos interesantes sobre a nosa investigación e tomando nota das fontes de onde a conseguíamos (libros, artigos, enderezos URL, App e vídeos da TVG e Fundación Barrié).

- **Redacción dos textos:** por equipos, elaboraron os distintos textos que se empregaron nas creacións. Estes foron postos en común e corrixidos entre todos.



- **Procura de recursos:** gravación dos sons dos instrumentos e captura das imaxes.
- **Elaboración do mural 3.0:** materialización do mural de xeito plástico e tecnolóxico, engadindo imaxes, textos, circuitos en papel, códigos QR, placa condutiva cos distintos audios gravados e creación das zonas táctiles con pintura condutiva.



- **Gravación de son:** dous equipos e dous traballos diferenciados: o programa de radio e as locucións informativas do panel.
- **Gravación de vídeo:** ademais do “making of” que se ía documentando, gravamos unha primeira parte documental con información que contextualiza todo o traballo realizado.
- **Visita ao Pórtico da Gloria:** como colofón final o alumnado gozou dunha visita guiada ao Pórtico da que non podemos amosar imaxes por non estar permitido tomar fotos e vídeos.

6| RECURSOS UTILIZADOS ASÍ COMO UNHA ENUMERACIÓN DETALLADA DAS PRINCIPAIS FONTES CONSULTADAS PARA A INVESTIGACIÓN

Os recursos empregados foron:

- A Biblioteca en toda a súa extensión: sala de lectura, Laboratorio Creativo e de Radio e Laboratorio da Comunicación.
- Tablets e ordenadores con conexión a internet.
- Documentos da Biblioteca.
- Pranchas de cartón reciclado.
- Cinta de cobre autoadhesiva e pintura conductiva.
- Placa Touch Board de Bare Conductive.
- Impresións realizadas na fotocopiadora da escola.

- Cámara de vídeo, micrófono de solapa, teleprompter con iPad, trípode e iluminación, como materiais audiovisuais máis destacables.

Fontes de información bibliográficas:

- Carbó Alonso, Félix. Pórtico de la Gloria – Mensaje al Peregrino. Editorial CODEX. (2019)
- Lloret Blackburn, Víctor. “Una nueva mirada al Pórtico”. National Geographic. (Junio 2019); 24 páginas.
- Villanueva, Carlos. El Pórtico de la Gloria, música, arte y pensamiento. Servizo de Publicacións Universidade de Santiago de Compostela. Santiago de Compostela (2011)

En internet:

- <http://catedraldesantiago.es>
- https://historia.nationalgeographic.com.es/a/admirable-restauracion-portico-gloria-catedral-santiago-compostela_12933/2


App:

7| IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Para o desenvolvemento do proxecto contamos coa implicación de toda a comunidade educativa, especialmente do profesorado responsable da Biblioteca Escolar e das familias.

O alumnado fixo un gran traballo creativo e de documentación, e mesmo ampliou a súa xornada para a gravación en mellores condicións sonoras dalgúns vídeos, que se realizaron fóra do horario escolar dentro da iniciativa para acadar a excelencia dos Contratos-Programa.

Non se procurou a implicación directa de máis profesorado por estar eles inmersos en outros proxectos sobre a mesma temática nos distintos niveis educativos.



8| DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA

A difusión do traballo entre a comunidade educativa realizouse por diversas canles:

- Ivoox, para o programa de radio.
- Vimeo, para os vídeos.
- A revista escolar CEIBE, que edita o Equipo de Dinamización da Lingua.
- Nas redes sociais a través de Twitter e Facebook.
- Nos medios de comunicación: Radio Nova, Cadena Cope, La Voz de Galicia, Diario de Pontevedra, www.pontevedraviva.com.



9| AVALIACIÓN REALIZADA EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E AS COMPETENCIAS CLAVE DO CURRÍCULO, ENTRE OUTROS ASPECTOS. PROCEDEMENTOS EMPREGADOS.

A primeira avaliación realizada parte das reaccións e do “feedback” recibido logo da exposición dos traballos na rede.

Consideramos que o resultado amosado é dunha grande calidade en distintos aspectos: documental, comunicativo, competencial, mediático, científico-tecnolóxico...

Se ben na primeira avaliación o traballo non tivo tanto peso específico á hora de configurar a cualificación do alumnado, na segunda e na terceira cobrou unha importante relevancia ao ponderar moi significativamente os resultados académicos.

Algúns dos indicadores que se empregaron para valorar a aprendizaxe foron:

- A calidade dos textos elaborados.
- A veracidade da información obtida.
- A creatividade amosada.
- A minuciosidade no proceso creativo.
- A adquisición das distintas competencias pretendidas.
- O grao de implicación no proxecto.
- A capacidade de traballo en equipo.
- A claridade na exposición oral das mensaxes.
- A riqueza expresiva.

- A integración das distintas habilidades persoais no produto final.
- A comprensión dos distintos eventos cronolóxicos que fomos descubrindo.
- A capacidade de extraer información de distintos tipos de soportes.

Destes e doutros indicadores de logro conseguimos extraer a información sobre os estándares de avaliación superados e establecer as cualificacións sobre os contidos e as competencias acadadas.

O procedemento de avaliación empregado foi a análise dos produtos elaborados e o rexistro do proceso creativo, de documentación e comunicativo do alumnado.

10| FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN TODO O PROCESO

A función e participación da Biblioteca Escolar foi **eixo fundamental** en todo momento, dende a xénese do proxecto ate o seu remate final.

A Biblioteca aportou organización, documentos, novos espazos educativos, múltiples recursos audiovisuais, formación de usuarios, acceso a distintas plataformas, dispositivos como tablets e ordenadores con conexión a internet, ideas, programas (Radio na Biblio, Biblioteca Creativa, PLAMBE, ELBE-2...), coordinación docente, instrucións normativas (*Onde pon que hai que facelo?*)...

Dende as primeiras actuacións para o desenvolvemento deste PDI, a Biblioteca ocupou un **papel central** grazas a todos eses elementos que aporta que acabamos de enumerar. Alí tivemos as primeiras sesións nas que presentamos a temática, nos mergullamos nos fondos para ver se identificabamos fontes de información, comezamos a recollida da mesma e mesmo empregamos a sala de lectura para a materializar do “mural 3.0”, visualizamos colectivamente distintas pezas audiovisuais que nos aportaron información valiosísima, participamos en obradoiros de radio e circuítos en papel a cargo dos programas Radio na Biblio e Biblioteca Creativa e gravamos distintas pezas para as nosas creacións.



Pero antes de todo isto; da biblioteca como centro de recursos; a función que lle outorgamos é a de **dinamizadora de múltiples aprendizaxes**.

Hai tempo que non se trata só de Dinamizar a Lectura. Cómpre a Formación de Usuarios, cómpre o Fomento da Creación e cómpre a Alfabetización Mediática e Informacional, o

fomento de inquietudes científicas e investigadoras, e un espírito crítico que posibilite a discriminación da información veraz e actualizada da falsa ou desactualizada.


11 | ENLACES URL A DISTINTOS PRODUTOS FINAIS ELABORADOS

Programa de Radio:

https://www.ivoox.com/instrumentos-do-portico-da-gloria-audios-mp3_rf_70086056_1.html

Vídeos:

<https://vimeo.com/533233199> | Comeza a investigación.



<https://vimeo.com/561977692> | Produto final.